

Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A EMPRESAS PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS POR CONTA ALLEA 2025

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A EMPRESAS PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS POR CONTA ALLEA-CONCELLO DE VILAGARCIA 2025

INTRODUCCIÓN

Dentro das políticas locais de emprego e promoción económica do Concello de Vilagarcía, a Concellería de Promoción económica ven desenvolvendo un amplo conxunto de programas, proxectos e medidas co propósito de que poidan contribuír, na medida das posibilidades coas que conta unha administración local, a fomentar a creación de máis postos de traballo e de empresas nas que traballar.

A actual convocatoria de axudas á contratación por conta allea, está rexida pola normativa de subvencións contida basicamente na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

BASE PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de subvencións no exercicio 2025, para o fomento e mantemento do emprego por conta allea, de:

- Persoas desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no SPEG, empadroadas no municipio de Vilagarcía na data de presentación da solicitude, contratadas a tempo completo mediante contratos indefinidos formalizados entre o 1 de outubro de 2024 e 30 de setembro de 2025.

A XGL poderá acordar o outorgamento da subvención para contratacións a tempo parcial no caso de que, pola natureza da actividade da empresa, a xornada de traballo sexa inferior á legalmente establecida para ser considerada “a tempo completo”.

Poderán ser obxecto de subvención un máximo de dúas contratacións por empresa.

A limitación no número de contratacións a subvencionar non se aplicará no caso de que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes quedara remanente na aplicación orzamentaria. Neste caso, as empresas terán dereito á percibir subvención polos contratos



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

que excedan o devandito límite, na contía que resulte da aplicación do baremo de puntuación, sempre que formalizaran a solicitude no prazo xeral establecido nestas bases. A distribución do citado remanente levarase a cabo por rigoroso rexistro de entrada da solicitude de axuda.

BASE SEGUNDA. BENEFICIARIOS.

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado radicadas nas comarcas do Salnés e Caldas, que formalicen, para prestar servizos nas mesmas, contratos por conta allea con traballadores e traballadoras desempregados nos termos indicados na Base Primeira, nas que non concorran, en xeral, as circunstancias excluíntes sinaladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- a) Quedarán excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, as empresas sancionadas pola comisión de infraccións tipificadas en tal materia no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, aprobado por Real decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto e modificacións posteriores.
- b) Non se poderán amortizar postos de traballo fixos nos seis últimos meses anteriores ás novas contratacións ou conversións, mediante despedimentos declarados improcedentes, ou regulacións de emprego. Non se entenderá reducido o persoal polas devanditas causas cando, con anterioridade ás devanditas contratacións ou conversións, procedeuse á cobertura da vacante mediante unha relación xurídica da mesma natureza que a anterior.

2. Non poderán ser beneficiarias destas subvencións:

- As Administracións Públicas, as Sociedades Públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.
- As empresas acollidas a plans de reconversión.
- As empresas que non se atopen ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, coa Administración Tributaria Estatal, coa da Xunta de Galicia ou co Concello de Vilagarcía de Arousa por calquera tipo de débeda de dereito público vencida, liquidada e esixible por vía de constrinximento.
- As empresas que fosen sancionadas mediante sentenza firme por vulnerar os dereitos fundamentais e as liberdades dos traballadores nos seis meses anteriores á formalización da contratación sempre que a infracción fose cualificada de infracción grave ou moi grave.
- As empresas que fosen sancionadas con carácter firme por producirse accidentes de traballo por incumprimento da adopción das medidas de seguridade nos seis meses anteriores á formalización da contratación, sempre que a infracción fose cualificada de grave ou moi grave.



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

- Con carácter xeral, as empresas que formalicen contratos de traballo infrinxindo a lexislación laboral e demais normativa vixente en materia de Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais.
- As empresas que incumpran o disposto na Lei 9/2013 de Emprendemento e Competitividade Económica de Galicia, en relación á comunicación previa de inicio de actividade, as que carezan de licenza de obra e/ou apertura, para o caso de ser exixibles, ou incumpran calquera requisito necesario para o exercicio da actividade empresarial ou profesional no Concello de Vilagarcía de Arousa.

BASE TERCEIRA. CONTRATACIÓNS. REQUISITOS.

1.º Estar en situación de desemprego.

Poderán ser obxecto de subvención os contratos formalizados con persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no SPEG.

2.º Estar empadroadas no municipio de Vilagarcía de Arousa. As persoas contratadas, deberán constar empadroadas no municipio de Vilagarcía de Arousa no momento de formalizar a solicitude de subvención.

3.º Situacións que dan lugar a subvención. As empresas deberán acreditar que as contratacións para as que se solicita subvención se encadran nalgún dos tres apartados que a continuación se detallan:

Apartado primeiro

1. Persoas beneficiarias de programas de formación: Con certificado/s diploma/s de formación ocupacional para o emprego, acreditativo de concluír satisfactoriamente un proceso formativo ocupacional nos dous anos previos á contratación e que sexan contratadas nunha ocupación relacionada coa formación recibida.
2. Primeiro/a empregado/a de empresa (entendendo por tal o/a primeiro/traballador/a que figure dado/a de alta na Seguridade Social nun centro de traballo nas comarcas de Salnés e/ou Caldas).
3. Mozos/as menores de 30 anos.
4. Persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
5. Persoas maiores de 45 anos.
6. Mulleres vítimas de violencia de xénero.
7. A contratación da persoa en situación de desemprego total ininterrompido durante o ano anterior á data de formalización da contratación.

Apartado segundo

1. Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa. Os contratos celebrados para prestar servizos en centros de traballo radicados no municipio de Vilagarcía de Arousa



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

Apartado terceiro

1. Contratacións de traballadores/as, non incluídos nos apartados anteriores.(Primeiro e segundo).

4º Formalización das contratacións. As contratacións e as transformacións obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito e comunicarse á Oficina do Servizo Público de Emprego na forma regulamentariamente establecida.

5º Xornada. A xornada laboral dos contratos será a tempo completo, coa salvedade contemplada no parágrafo segundo da Base Primeira.

6º. Os contratos para os que se solicite subvención deberán estar vixentes á data de presentación da solicitude de axuda, e, as contratacións subvencionadas, deberán manterse, como mínimo, durante dous anos a partir da concesión da axuda, agás causa xustificada non imputable á empresa beneficiaria. Esta circunstancia será obxecto de valoración, en cada caso, pola XGL.

BASE CUARTA. SUPOSTOS NON SUBVENCIONABLES

1. Os contratos celebrados con persoas incursas nos seguintes supostos:

- O propio empresario.
- Os socios daquelas entidades sen personalidade xurídica.
- Os administradores, apoderados e membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade.
- Os socios de empresas que revistan a forma xurídica de sociedade que posúan polo menos a terceira parte do capital social.

2. Os celebrados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o segundo grao inclusive, das persoas incursas nos supostos do número anterior.

3. As relacións laborais de carácter especial contempladas no artigo 2.1 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, ou noutras disposicións legais.

4. Os contratos realizados por empresas ou grupo de empresas, cos mesmos traballadores cuxa contratación xa fora obxecto de subvención en exercicios anteriores ó abeiro das bases de axudas á contratación por conta allea do Concello de Vilagarcía de Arousa .

5. As subvencións previstas nestas bases serán compatibles coas establecidas nos Programas de Fomento da Contratación por conta allea convocados por calquera outras administracións, e, de ser o caso, coas bonificacións ás cotizacións á Seguridade Social.



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

Porén, o importe da axuda en ningún caso poderá ser da tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

BASE QUINTA. MODALIDADES CONTRACTUAIS-REQUISITOS E CONTÍAS DAS SUBVENCIÓNS.

Poderán ser obxecto de subvención, os contratos laborais indefinidos, que teñen por finalidade elevar o nivel do emprego estable e de calidade, fomentando a creación de postos de traballo ligados por contratos de natureza indefinida.

As contías das subvencións estarán en función de dúas variables:

1.^a Tipo de empresa (número de traballadores e/ou antigüidade da empresa). Ambos os requisitos haberán cumprirse no mes da contratación/conversión. A determinación do número de traballadores, referirase ao total dos centros de traballo nas Comarcas do Salnés e Caldas e con independencia do carácter temporal ou indefinido da contratación e da xornada laboral.

2.^a As situacións ás que se refiren a base terceira, punto tres. Segundo o apartado no que se atope, a cada unha das tres variables asígnaselles unha puntuación (táboa n.º1). A suma dos puntos obtidos será a que determine a contía máxima da subvención (táboa n.º2)

Taboa n.º 1

<i>Tipo de empresa</i>	<i>Puntos</i>	<i>Colectivo segundo a base terceira. Punto 3º</i>	<i>Puntos</i>
Empresa que non se atope nos apartados seguintes	0	Apartado 3	0
Empresa que teña entre tres e dez anos de antigüidade ou entre 10 e 50 traballadores.	1	Apartado 1	2
Empresa que teña menos de tres anos de antigüidade ou menos de 10 traballadores.	2	Apartado 2	1

* Antigüidade da empresa: A efectos de esta subvención considerarase como antigüidade da empresa a data na que conste a inscrición na Administración da Seguridade Social.

Contía subvención:

Taboa n.º 2

<i>Puntuación obtida segundo a táboa n.º 1</i>	<i>Subvención máxima proposta</i>
0	800 €
1	1.500 €
2	2.000 €
3	2.500 €
4	3.000 €



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

BASE SEXTA. RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

BASE SÉTIMA. SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1. Solicitudes/documentación

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases reguladoras. Presentaranse tantas solicitudes como contratos para os que se solicita subvención.

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse **TELEMÁTICAMENTE** nos termos que establece a lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas a través da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (*sede.vilagarcia.gal*) Código de procedemento 50002_ Programa de axudas á contratación por conta allea.

A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se o/a interesado/a presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberá indicar a referencia do expediente e departamento responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número do expediente, se dispón del.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistírase da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Toda a documentación deberá presentarse **TELEMÁTICAMENTE** debendo constar nos documentos que así o requiran, a sinatura dixital do interesado



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

Todos os trámites administrativos que os/as interesados deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados por vía telemática accedendo á carpeta de interesado/expediente dispoñible na sede electrónica do concello.

As solicitudes dirixiranse á Concellería de Promoción Económica debendo ir acompañadas da seguinte documentación:

1. Anexo I. Solicitud en modelo normalizado.
2. Certificación de titularidade da conta bancaria que consta na solicitud de subvención
3. De actuar por medio de representante, documento que acredite a representación nos termos do artigo 5 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
4. Certificado de IAE da empresa
5. NIF/DNI da empresa/empresario/a individual solicitante da axuda e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil
6. Certificados de que a empresa solicitante esta ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria)
7. Vida laboral da empresa expedida pola TGSS (dos CCC existentes) relativa aos 6 meses anteriores á contratación.
8. Documento/s acreditativos da antigüidade da empresa e do número de traballadores da mesma
9. Copia do contrato de traballo e comunicación á oficina do SPEG correspondente da contratación obxecto de solicitud de subvención, con constancia expresa da situación do centro de traballo nas comarcas Salnés/Caldas ou de ser o caso, no Concello de Vilagarcía.
10. DNI/NIF do/s traballador/as contratado/as
11. Certificado de empadramento do traballador/a contratado.
12. Vida laboral do traballador/a contratado/a
13. Certificación de períodos de inscrición como demandante de emprego do traballador/a contratado/a
14. Nos casos de atoparse nas situacións da Base terceira, Apartado Primeiro e segundo a situación que se pretenda acreditar:
 - Punto 1.- Certificado ou diploma acreditativo da formación comprensivo dos contidos da mesma e indicación, en caso necesario, da relación coa ocupación.
 - Punto 2.- Acreditación mediante vida laboral de empresa e traballador respectivamente.



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

- Puntos 3 e 5.- DNI dos traballadores/as contratados/as
- Punto 4.- Resolución vixente da acreditación da discapacidade e do seu grao.
- Punto 6.- Mediante orde de protección a favor da vítima, resolución xudicial, auto ou sentenza que acredite tal situación ou fixe medidas de protección, e excepcionalmente, mediante informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero, ata tanto se dite a orde de protección.
- Punto 7.- Acreditación mediante vida laboral do traballador

15. No caso de atoparse nas situacións da Base terceira, Apartado Segundo: Documentación acreditativa de que a empresa ten Centro de Traballo no Concello de Vilagarcía de Arousa

No caso de dúbida sobre a documentación presentada, será a Comisión de Valoración integrada polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, quen decida.

2. Obrigas

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
2. Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
3. Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello Vilagarcía.
4. Non procederá o pago da subvención en tanto a persoa ou empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
5. Manter a contratación que fundamenta a concesión da subvención. No suposto de non cumprirse dito prazo, deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Vilagarcía. O incumprimento desta obriga de comunicación pola empresa beneficiaria, comportará o reintegro da totalidade da axuda.
6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
7. Cumprir coas obrigas de publicidade establecidas na Base Duodécima.

O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

3. Prazo de presentación das solicitudes. O prazo de presentación de solicitudes será ata o 15 de outubro de 2025 ou ata esgotar o orzamento, e contarase a partir do día seguinte á data de publicación do EXTRACTO das presentes bases no BOPPO.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, previa solicitude que debe presentar no rexistro xeral do Concello.

BASE OITAVA. TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO

De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade de tramitación atendendo ao disposto no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito. O órgano xestor publicará na Sede Electrónica (*sede.vilagarcia.gal*) o esgotamento da partida orzamentaria e non tramitará as solicitudes posteriores destinadas á subvención.

Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte.

Conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederase conforme ao que determina o artigo 21 da citada lei.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento e canta documentación se considere precisa co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención

Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas da mesma.

BASE NOVENA. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

O servizo xestor, Concellería de Promoción Económica, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando a adecuada xustificación da mesma, sen prexuízo da fiscalización que corresponda ó departamento de intervención.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Concellería de Promoción Económica.



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

O prazo para resolver será, como máximo, dun mes dende a presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello e en todo caso, dentro do exercicio 2025. As solicitudes irán resolvéndose a medida que se vaian presentando.

Transcorrido o devandito prazo de un mes sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición nos termos e prazo do artigo 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, en calquera momento a partir do día seguinte ao vencemento dos dous meses sen que se dite resolución expresa.

O acordo da Xunta de Goberno Local, será notificado por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello, podendo a tal efecto o interesado designar unha dirección de correo electrónico para recibir os avisos de posta a disposición de calquera notificación que se dite dentro do seu expediente.

Contra dita resolución cabe interpoñer recurso perante a xurisdición contenciosa, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa.

Asemade, poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Unha vez concedidas as axudas faranse efectivas nun pagamento único.

Notificada a concesión da correspondente axuda, o beneficiario deberá presentar no prazo de 20 días hábiles, unha fotografía do cartel informativo da subvención (que será subministrado pola Concellería de Promoción Económica), colocado en lugar visible do domicilio social da empresa.

BASE DÉCIMA. PUBLICIDADE

1. Publicidade da convocatoria e das Bases Reguladoras da concesión das axudas.

De conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións o procedemento iniciarase de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente.

Remitada a convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións procederase pola mesma a requirir do Boletín Oficial da Provincia a publicación do correspondente extracto.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2025 do Programa de axudas á contratación de traballadores por conta allea do Concello de Vilagarcía de Arousa, publicarase tamén na Sede electrónica do Concello *sede.vilagarcia.gal*.

As bases reguladoras, convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes, estarán ao dispor dos interesados, na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (*sede.vilagarcia.gal*)



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

2. Publicidade das subvencións concedidas.

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas, publicarase a relación de beneficiarios na BDNS de acordo con o disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

3. Publicidade do financiamento público.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vilagarcía de Arousa. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concellería de Promoción Económica.

BASE UNDÉCIMA. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Vilagarcía.

A presentación de solicitude de subvención implicará a aceptación da cesión dos datos contidos na mesma e dos relativos á subvención, no seu caso, concedida, así como o consentimento expreso para o Concello de Vilagarcía de Arousa poida levar a cabo o tratamento dos mesmos, sempre para o cumprimento das finalidades anteriormente indicadas. Así mesmo, infórmase que os traballadores poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación dos datos mediante comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa.

A estes efectos, as entidades deberán informar e obter o consentimento expreso dos traballadores de acordo co previsto na normativa de protección de datos.

BASE DÉCIMO SEGUNDA. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.



Luns, 18 de agosto de 2025

Núm. 155

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En relación ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

BASE DÉCIMO TERCEIRA. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lexislación básica do estado en materia de Réxime Local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE DÉCIMO CUARTA. FINANCIAMENTO

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 241-470 Fomento de empresas – subvencións para o fomento do emprego" do orzamento municipal vixente, cun importe total de 60.000 €.

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

BASE DÉCIMO QUINTA. ENTRADA EN VIGOR

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación no B.O.P.

O Concello de Vilagarcía de Arousa quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital.

O Alcalde-Presidente–Alberto Varela Paz.

